



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

Sello o Certificación Mecánica



## PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A LICITACIÓN PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓN DE USO DO DOMINIO PUBLICO PARA A COLOCACIÓN DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE ROUPA E CALZADO USADOS E OUTROS RESIDUOS TÉXTILES NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### I. DISPOSICIÓN XERAIS

#### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente prego o otorgamento dunha autorización para situar en solo de dominio público municipal do Concello de Santiago de Compostela, cos requisitos establecidos no Prego de Condicións técnicas que rexe esta licitación, a colocación de colectores de recollida de roupa e calzado usados e outros residuos téxtiles.

A autorización supón o dereito á utilización por parte do autorizado dunha porción de chan de dominio público, para a localización dos colectores, nas condicións que se establecen no presente prego.

O Plan Nacional Integral de Residuos 2008-2015 insta a impulsar a recollida selectiva de distintos residuos urbanos de orixe doméstico, entre eles a roupa usada. Pola súa banda a lexislación básica de residuos a través da Lei 22/2011 establece que as autoridades ambientais no seu respectivo ámbito competencial tomarán medidas para fomentar unha reciclaxe de alta calidade e, a este fin, establecerase unha recollida separada de residuos, cando sexa técnica, económica e ambientalmente factible e adecuada, para cumprir os criterios de calidade necesarios para os sectores de reciclaxe correspondentes.

Nomenclatura Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) da Comisión Europea: 19620000-8 Residuos téxtiles.

#### 2.- RÉXIME XURÍDICO


A presente licitación queda sometida ao réxime xurídico determinado na Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, Lei 7/1985 de 2 de Abril, de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto 1372/1986 de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro), Real Decreto 1098/2001 de 12 de Outubro, e na súa falta, polas demais disposicións vixentes aplicables á materia que nos ocupa.

Tanto o Prego de Prescricións Técnicas como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, revisten carácter contractual, polo que deberán ser asinados no mesmo acto de formalización do contrato.

#### 3.- ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37



O mencionado órgano ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable.

A forma de acceso público ao perfil de contratante do Órgano de Contratación será a través da páxina web do Concello de Santiago de Compostela: [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org).

## II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACION

### 4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A presente autorización demanial, de conformidade cos artigos 92 da Lei 33/2003 de 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e artigos 77 e 80 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de Xuño, outorgarase en réxime de concorrencia para posibilitar que todo empresario interesado poida presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores sempre que cumpra co establecido no presente Prego, unha proposición. Dadas as características do mesmo, utilízanse varios criterios de valoración fixados neste Prego, en relación cos artigos 109.4, 150, e 151 do TRLCSP.

A tramitación do expediente será ordinaria.

### 5.- CANON A SATISFACER AO CONCELLO

1.- O canon que deberá satisfacer o adxudicatario ó Concello de Santiago ascende á cantidade mínima de 2.110 euros anuais.

2.- Os licitadores interesados ofrecerán, conforme ao modelo de proposición que se insere ao final do presente prego, o canon a abonar anualmente, que en ningún caso poderá ser inferior á contía sinalada.

3.- O canon anual ofertado polo adxudicatario ingresarase no Concello en dous pagos semestrais, a semestre vencido.

4.- A partir do primeiro ano do contrato revisarase o canon anual a ingresar ao Concello de Santiago de Compostela. O sistema de revisión aplicable será a variación do IPC xeral publicado polo Instituto Nacional de Estatística, nos doce meses anteriores á data de formalización do contrato.

A revisión será do 85% da variación experimentada polo Índice adoptado, conforme ao esixido no artigo 90.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

### 6.- EXISTENCIA DE CREDITO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

Non se derivan obrigacións económicas para o Concello de Santiago de Compostela do presente contrato, polo que non é necesario documento de existencia de crédito.

## 7.- PRAZO DA AUTORIZACION

1.- A duración da autorización demanial será ata o 31 de decembro de 2015, con vixencia a partir do día seguinte á formalización do contrato. O devandito prazo de autorización terá carácter improrrogable.

2.- Unha vez cumprido o prazo da autorización, ou ben, resolto o contrato cesarase no uso do dominio público.

3.- O adxudicatario virá obrigado a retirar os colectores no momento no que llo comunique o Concello e deixar libre e expedita a utilización privativa, dentro do prazo sinalado, tras finalizar o prazo da autorización. En caso contrario o Excmo. Concello de Santiago de Compostela procederá á súa retirada a costa do contratista.

O Concello, de conformidade co Art. 92.4 da LPAP, por razóns de interese público poderá revogar a autorización en calquera momento, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

## III. PRESENTACION DE PROPOSICIÓN

### 8.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe garantía provisional.

### 9.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Poderán formular proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou se atopen debidamente clasificadas.

En ningún caso poderán contratar co Concello de Santiago de Compostela as persoas en quen concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastante para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo. Os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Cando se trate de empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da Empresa.

Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea caso de non acharse clasificados en España, deberán presentar en substitución da clasificación, a documentación acreditativa da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional na forma establecida nos artigos 75 e 78 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, todo iso sen prexuízo do disposto no artigo 84.1 do TRLCSP.

Tratándose de persoas xurídicas as prestacións obxecto do contrato deberán estar comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios. A acreditación realizarase mediante a presentación dos estatutos sociais inscritos no Rexistro mercantil ou naqueloutro rexistro oficial que corresponda en función do tipo de entidade social.

**SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.** Deberá acreditarse mediante informe de Institucións Financeiras.

**SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL.** Os licitadores deberán acreditar a presentación de:


1.- Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos en relación coa actividade obxecto de autorización demanial.

2.- Xustificante que acredite que contan con medios dispoñibles e suficientes para instalar, retirar e baleirar os colectores: mínimo de 1 equipo de traballo (1 peón condutor e 1 furgón pechado) e almacén con capacidade bastante.

3- Declaración de que os colectores a colocar:

3.1- Non permitirán saída nin entrada de líquidos e terán capacidade entre 2 e 3 m<sup>3</sup>.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37



### 3.2- Contarán con:

- sistema anti-vandalismo que impida a súa apertura por persoal non autorizado,
- sistema de depósito que impida a extracción do material téxtil, así como a introdución de persoas no seu interior, e
- sistema de baleirado manual, con apertura de fácil accionamiento;
- Identificaranse cun número correlativo e un número de teléfono ao que o usuario que o necesite poida dirixirse; e

3.3- Terán elementos antioxidantes que impidan a súa deterioración por acción da intemperie, serán da cor exterior que se acorde co Concello e levarán o logo do Concello de Santiago de Compostela.

4.- Documento oficial que acredite que a báscula de pesas do material recollido en Santiago de Compostela se atopa homologada e adecuadamente calibrada.

5.- Xustificante acreditativo de que o licitador está en posesión dos certificados de calidade UNE-EN-ISO 9001 e medioambiente UNE-EN-ISO 14001.

6.- Xustificación documental de estar en posesión da autorización como xestor de residuos non perigosos para as actividades de recollida e transporte de roupa, códigos LER 20 01 10 e 20 01 11.

7.- Xustificación documental da existencia dun xestor de residuos autorizado para as actividades de valorización ou tratamento de roupa usada que sería o destinatario intermedio ou final dos residuos recollidos polo contratista.

Se estas tarefas as realiza o propio contratista, deberá acreditar documentalmente que está en posesión da autorización preceptiva de xestor de residuos concedida pola Comunidade Autónoma correspondente.

## 10.- PRAZO DE PRESENTACIÓN E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións, contidas en TRES SOBRES deberán presentarse no Rexistro Xeral deste Concello, sito na rúa Presidente Salvador Allende nº 4 (CP 15705 Santiago de Compostela), ou enviados por correo, ou en calquera dos lugares recollidos no art. 38.4 da Lei 30/92 de 26 de Novembro, no prazo de QUINCE DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de remate do prazo sinalado no anuncio.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, non pode ser retirada, salvo que a retirada da proposición sexa xustificada.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

Finalizado o prazo de recepción expedirase certificación relacionada da documentación recibida ou da ausencia de licitadores no seu caso, a que xuntamente con aquela remitirán ao Secretario da mesa de contratación.

Cando a documentación fose enviada por correo, ou se presente en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da LRJPAC Lei 30/92 modificada por Lei 4/99, para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan ás administracións públicas, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos ou presentación no Rexistro pertinente e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta, mediante telex, fax ou telegrama no mesmo día dirixido ó Departamento de Contratación do Concello de Santiago (indicando neste último caso, nome e C.I.F. e dirección).

As proposicións estarán suxeitas ao modelo que se establece no Anexo ao presente Prego. A súa presentación presume a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas do presente prego, así como a aceptación do Proxecto sen excepción algunha e axustarase a súa forma de presentación conforme ao disposto no art. 80 do Regulamento 1098/2001.

As proposicións presentaranse en TRES sobres pechados identificados no seu exterior con indicación da licitación á que concorrán e cos seguintes datos:

- Nome e apelidos ou razón social da empresa.
- D.N.I. ó CIF
- Persoa de contacto.
- Dirección Postal.
- Nº de teléfono, fax e/ou correo electrónico.
- Firma do licitador


No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido enunciado numericamente.

**Sobre 1.- Documentación administrativa CON/22/2012.** Introducirase a seguinte documentación (Deberán presentarse orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas ante Notario ou perante os funcionarios do Concello de Santiago habilitados para iso).

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e no seu caso a súa representación (D.N.I., Escritura de Constitución e de representación, etc..). Tratándose de persoas xurídicas o poder deberá estar inscrito nos Rexistros Oficiais necesarios segundo a súa natureza e bastantado polo Secretario Xeral deste Concello, a cuxos efectos deberá presentarse con polo menos catro días de antelación.

b) Declaración na que o licitador afirma baixo a súa responsabilidade que non se acha comprendido en ningún dos casos de prohibición para contratar coa Administración, a que se refiren os artigos 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37



c) Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias co Estado, co Concello de Santiago de Compostela e coa Seguridade Social.

A xustificación acreditativa deste requisito deberá presentarse polo empresario a cuxo favor ir a efectuar a adjudicación no prazo dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento.

d) Acreditación da Solvencia económica e técnica conforme ao disposto na Cláusula 9ª deste Prego.

e) Dirección de correo electrónico, en que se efectuarán as notificacións.

f) No caso de empresas estranxeiras deberán achegar ademais:

Os seus documentos constitutivos, traducidos ao Castelán ou Galego.

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro Xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

As empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan reglamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, ao que acompañará ademais o informe a que se fai referencia no artigo 55 do TRLCSP.

**Sobre 2.- Proposición relativa a criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes (criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor) CON/22/2012** Neste sobre deberá introducirse a documentación relacionada que sexa necesaria para valorar a proposta técnica conforme aos criterios de valoración cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor que impide a súa valoración mediante cifras ou porcentaxes e en concreto:

- Planificación do Servizo co contido apuntado na cláusula 4 do Prego de condicións técnicas.
- Campañas divulgativas e de sensibilización ofertadas.

Nesta documentación non se fará constar referencia algunha á proposición económica e demais criterios cuantificables de forma automática que se deberán introducir no sobre 3, con obxecto de evitar o coñecemento destes últimos antes de que se efectue a valoración dos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

O incumprimento do establecido neste apartado dará lugar ao rexeitamento da proposición, salvo que a Mesa de Contratación motivadamente determine o contrario.

### **Sobre 3. Proposición relativa a criterios cuantificables de forma automática CON/22/2012**

Neste sobre deberá introducirse:

- Oferta económica conforme ao modelo recollido no Anexo I deste Prego.

#### **11.- APERTURA DE PLICAS**

Á finalización do prazo de presentación de ofertas, o acto público de apertura de proposicións terá lugar no Departamento municipal de Contratación, no día e hora que sinale o Presidente da Mesa.

A Mesa de Contratación examinará, en primeiro lugar e a porta pechada, a documentación presentada polos licitadores no sobre 1: Documentación administrativa.

A Mesa cualificará a documentación e fará pronunciamento expreso sobre as ofertas que se axustan aos criterios de selección e son admitidas a trámite e as rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

A continuación procederase en acto publico, cuxo día e hora se anunciará no perfil de contratante do órgano de contratación cun mínimo de 3 días hábiles de antelación, á apertura do sobre 2 correspondente aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor.

A Mesa de Contratación solicitará os informes técnicos que considere precisos para a avaliación dos criterios non cuantificables de forma automática, quedando a disposición da Secretaría da Mesa de Contratación o sobre 3 que permanecerá pechado.

Antes de comezar o acto público no que se abra o sobre 3 darase lectura á valoración dos criterios técnicos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre 2 e procederase pola Mesa á avaliación dos criterios cuantificables de forma automática previos os informes e asesoramento que estime pertinente ou incorporación á mesma dos técnicos que considere oportunos.

Das devanditas valoracións deixarase constancia documental e a Mesa elevará proposta de adjudicación ao órgano de Contratación.

Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dicte a resolución de proposta de determinación da oferta economicamente máis vantaxosa.

A Mesa de Contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos antes de elevar proposta de oferta economicamente máis vantaxosa ao Órgano de Contratación.

A Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

**Presidente:** O Concelleiro delegado de Limpeza, ou calquera outro membro no que delegue o Sr. Alcalde.

**Vocais:**

- 1 representante do grupo PP.
- 1 representante do grupo PSOE.
- 1 representante do grupo BNG.
- O Inspector técnico de servizos.
- A Interventora municipal en funcións.
- O Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** O xefe de sección de Contratación.

## 12.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para obter a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, sumaranse as puntuacións obtidas dos criterios de valoración que a continuación se detallan:

1.- Oferta económica. Canon anual que será ingresado no Concello. **Valorarase ata 30 puntos.**

Outorgarase a puntuación mediante a seguinte fórmula:

$[Contía\ proposta\ pola\ Oferta\ N\ (€) / contía\ máxima\ proposta\ entre\ todas\ as\ ofertas\ presentadas\ (€)] \times 30$

2.- Planificación do servizo, co contido apuntado na cláusula 4 do Prego de condicións Técnicas, atendéndose a parámetros relativos á organización, desenvolvemento e viabilidade económica da actividade e destino previsto do material recollido. Así mesmo valorarase se poden entregarse datos de recollida independizados por colector, debendo xustificarse que se conta cun sistema de pesada homologado e fiable no propio camión de recollida. **Valorarase ata 15 puntos.**

3.- Disposición gratuita de roupa para ONG's da cidade (porcentaxe disposto de roupa aproveitable): **Valorarase ata 3 puntos.**

4.- Características avaliáveis das campañas divulgativas e de sensibilización ofertadas -calidade no seu conxunto, custo, previsión de actividades a desenvolver anualmente, medios empregados- **Valorarase ata 2 puntos.**

## III. ADXUDICACION E FORMALIZACION

### 13.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

Corresponde ao órgano de Contratación por razóns de interese público debidamente xustificadas renunciar a celebrar un contrato antes da adxudicación. Tamén poderá desistir da adxudicación cando se aprecie unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

### **RESUME DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN** **(Total 50 puntos)**

#### **Criterios obxectivos avaliados por aplicación de formulas (30 puntos)**

1.- Oferta Económica. Ata 30 puntos

#### **Criterios que dependen dun xuízo de valor (20 puntos)**

- 2.- Planificación do Servizo: Ata 15 puntos.
- 3.- Disposición gratuita de roupa para ONG's: Ata 3 puntos.
- 4.- Campañas divulgativas e de sensibilización: Ata 2 puntos.

O Órgano de Contratación requirirá mediante fax, ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento presente a documentación justificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social así como, no seu caso, calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP. Así mesmo deberá presentar, no seu caso, a constitución da garantía definitiva.

A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ante o órgano de contratación, realizarase de acordo co seguinte:

#### Obrigacións tributarias:

a) Orixinal ou copia debidamente compulsada do alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non haberse dado de baixa en matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b) e) e f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05K	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:37

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña genericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP.

Ademais, non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Santiago de Compostela. O Concello, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes nos seus arquivos o cumprimento de devandita obrigación.

#### Obrigacións coa Seguridade Social

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña genericamente o cumprimento dos requisitos dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

De conformidade co previsto no Art. 151.2 último parágrafo do TRLCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Cumprimentada adecuadamente a documentación solicitada, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación conforme ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP.

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil municipal do contratante, a través da páxina web [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org).

